



MEMORIA

Segundo o artigo 168 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ó orzamento da entidade unirase, entre outros documentos, unha Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co orzamento vixente.

É dicir, a Memoria componse de dúas partes. Unha referente ó exame do orzamento no seu conxunto e outra, para sinalar ás variacións que o mesmo presenta con respecto ó anterior.

O ORZAMENTO EN XERAL

Trátase dos primeiros Orzamentos que se elaboran dende a aprobación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira, desenvolvendo o mandato contido no artigo 135 da Constitución Española, reformado o 27 de setembro de 2011, e dando cumprimento ó Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria, do 2 de marzo de 2012, garantindo así, unha adaptación continua e automática á normativa europea.

O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2013, integrado polo orzamento da propia Deputación, e o orzamento do seu organismo autónomo INORDE enmárcase nunha situación de crises económica que tivo, e segue tendo, un importante efecto no sector público local cuxa principal manifestación foi o desequilibrio entre os recursos dispoñibles e os gastos necesarios para o mantemento dos servizos a prestar por esta entidade local, o que supuxo a necesidade de importantes axustes.

As remuneracións do persoal axústanse na súa estrutura ó previsto no R.D.861/1986. Para a súa contía e definición de conceptos retributivos tense en conta o previsto na Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012, é no proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, estando pendente de aprobar a dita Lei a día de hoxe. Os niveis do complemento de destino e as contías do complemento específico veñen determinados pola Relación de Postos de Traballo (RPT), documento clave para a xestión de persoal, que se inclúe no expediente orzamentario.



A previsión da participación nos tributos do Estado redúcese con respecto ao exercicio de 2012 en 2 millóns e corenta mil euros (2.040.000,00 €).

Obras e servizos provinciais

Comprendendo os servizos de vías provinciais, parque de maquinaria e fornecementos, augas e medio ambiente, área de infraestruturas, cooperación, limpeza viaria e xestión de servizos municipais de recollida de lixo, destínase no orzamento a cantidade de **33.485.784,61 euros**.

Educación, cultura e deporte

En educación inclúense gastos da UNED, das escolas de formación profesional, das escolas especiais, así como das escolas de artes e de gaitas e danzas. Se engadimos o apoio económico á Universidade de Vigo, o total ascende a **1.247.342,02 euros**.

En cultura figuran os gastos de biblioteca, o museo artesán da música, edicións e publicacións, bandas de música, agrupacións corais e musicais, fomento de actividades culturais e recreativas, patrimonio histórico, Teatro Principal, Pazo de Vilamarín e Centro Cultural. O importe total de gasto é de **3.208.124,14 euros**.

En deportes, hai que computar os gastos asociados ó Pazo dos deportes Paco Paz e os destinados a instalacións deportivas e fomento do deporte, ascendendo en total á cantidade de **2.270.172,64 euros**.

En consecuencia, para os fins deste apartado consígnase no orzamento a cantidade de **6.725.638,80 euros**.

Desenvolvemento agropecuario e rural

O desenvolvemento agropecuario e rural lévase a cabo nas explotacións de Vilamarín, Antela, -estas dúas asociadas ó centro ecuestre-, Valverde, Monterrei, O Reino e Armariz.

Nesta área de actuación, computando tamén o gasto do servizo de agricultura e gandería, consígnase no orzamento a cantidade de **1.672.393,79 euros**.



Acción social

Tendo en conta para este apartado as consignacións orzamentarias específicas máis o fomento do emprego e a protección de riscos laborais, o total que se destina a acción social supón **2.397.350,01 euros**.

Informática e novas tecnoloxías

Destínase para esta finalidade, a ter especialmente en conta coa implantación da administración electrónica, a cantidade de **1.163.218,12 euros**.

Importe do orzamento

O do ano 2013 elévase á cantidade de **66.307.000,00 euros**, experimentando unha diminución no total resultante de **4.716,057,00 euros** con respecto ó do ano 2012.

Esta diminución débese fundamentalmente a estes motivos:

- Debido a crise económica na que estamos inmersos na actualidade, o capítulo IV de Ingresos sofre de novo, unha importante redución sobre a previsión do ano anterior, e polo tanto terase que diminuír os gastos da Entidade para cumprir co principio de estabilidade orzamentaria
- O remate das aportacións finalistas para distintos proxectos europeos.

PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS CON RESPECTO Ó ORZAMENTO DO EXERCICIO ANTERIOR

Agora, imos considera-las variacións que experimentan os estados de gastos e ingresos do presente orzamento en relación cos do exercicio anterior.

Estado de gastos

O capítulo I gastos de persoal que ascende á cantidade de 27.814.622,96 euros, experimentou unha **diminución de 1.310.421,79 euros** respecto á consignación do orzamento do 2012. Representa este capítulo o 41,94 por cento do total do orzamento.



O capítulo II, no que se recollen os gastos correntes en bens e servizos, importa 15.270.249,97 euros, o que supón o 23,02 por cento do total do orzamento, e diminúe con respecto á consignación do ano anterior, en 1.157.998,91 euros.

Nos capítulos III de gastos financeiros e IX pasivos financeiros, recóllense os gastos previsibles no exercicio de xuros e amortizacións de préstamos. Representan o total dos dous capítulos 6.957.893,81 euros, o que supón o 10,49 por cento do total do orzamento e un incremento de 590.426,81 euros sobre o consignado no ano anterior.

Se ben, deste importe, a cantidade de 441.805,72 € corresponden á amortización dos créditos concertados ca entidade Banco Santander, S.A. conforme ó disposto no Real Decreto Lexislativo 4/2012.

O capítulo IV de transferencias correntes ascende a 5.046.000,00 euros, representa o 7,61 por cento do orzamento e diminúe en 606.413,48 euros respecto á consignación do exercicio de 2012

O capítulo VI de investimentos reais ascende á cantidade de 10.041.174,97 euros, o que representa o 15,14 por cento do total do orzamento. En comparación coa previsión do exercicio de 2012, prodúcese unha diminución de 2.024.310,92 euros.

O Capítulo VII de transferencias de capital, ascende á cantidade de 877.058,29 euros, o que supón o 1,32 por cento do total do orzamento e ten unha diminución de 207.338,71 euros con respecto á consignación do exercicio anterior.

O Capítulo VIII de activos financeiros, ascende á cantidade de 300.000,00 euros, o que representa o 0,45 por cento do orzamento de gastos, e non experimenta variación algunha co ano anterior.



Estado de ingresos.

No capítulo I, que comprende os impostos directos, recóllese a recarga provincial no imposto sobre actividades económicas, cunha previsión de 2.500.000,00 euros e non experimenta variación algunha co respecto ao exercicio 2012, e que representa o 3,77 por cento do orzamento.

O capítulo III, que recolle as taxas, os prezos públicos e outros ingresos, importa 5.766.259,14 euros, o que representa o 8,69 por cento do estado de ingresos. Experimenta un aumento de 662.560,18 euros con respecto ó exercicio de 2012.

O capítulo IV comprende as transferencias correntes. Entre elas, figura o recurso máis importante da facenda provincial, a participación nos tributos do estado coa cifra de 49.300.000,00 euros, que sofre de novo, unha redución importante sobre a previsión do ano anterior. O importe deste concepto representa o 74,35 por cento do total do estado de ingresos. O total do capítulo ascende á cantidade de 55.096.583,35 euros, é dicir, o 83,09 por cento do orzamento, cunha diminución de 1.624.612,15 euros.

O capítulo V, referente ós ingresos patrimoniais, ascende á cantidade de 292.262,75 euros, que representa o 0,44 por cento do total do orzamento de ingresos. Ten unha diminución de 255.000,00 euros respecto ó exercicio anterior.

O capítulo VI, de alleamento de investimentos reais, figura cunha previsión de 51.000,00 euros, que supón o 0,07 por cento do orzamento. Experimenta un aumento de 48.000 euros con respecto ó exercicio 2012.

Ó capítulo VII, de transferencias de capital, prevé as aportacións do Estado e dos Concellos para o plano base de cooperación, así como outros financiamentos externos, especialmente o de fondos europeos, cun importe total de 2.300.894,76 euros, o que representa o 3,47 por cento do total do orzamento. A consignación neste capítulo diminúe en 3.547.005,03 euros respecto ó ano 2012.

O capítulo VIII, de activos financeiros, ascende á cantidade de 300.000,00 euros, igual ao ano anterior, representando o 0,45 por cento do total do orzamento.

BASES DE EXECUCIÓN

Para a acertada xestión do orzamento acompañanse as bases de execución, que son basicamente as do exercicio anterior, sendo de destacar que se manteñen no que fai referencia á excepción ó principio de anualidade por recoñecemento extraxudicial (Bases 5ª.c) e 31.C).i)), se ben o importe máximo pasa do 40% ao 30%.

As retribucións por asistencias a reunións de órganos colexiados, asignacións fixas a grupos políticos e asistencias a tribunais, diminúen en un 10 %.


As dedicación exclusivas e parciais correspóndense coas aprobadas nas bases de execución dos orzamentos do ano 2012.

As subvencións nominativas que se incluían na Base 86ª das bases de execución do Orzamento os anos anteriores suprimense neste exercicio.

Exposto o contido do orzamento así como as súas principais modificacións, con respecto ó do exercicio último, sométese a exame e, no seu caso, aprobación da Excma. Corporación provincial.

Ourense, 03 de decembro de 2012.

O PRESIDENTE,



Asdó: José Manuel Baltar Blanco

